

Introdución

O clima de estabilidade e de normalidade en que transcorreu o ano 2017 permitiulle ao equipo de goberno que me honro en presidir dar pasos importantes no desenvolvemento do vixente Plan estratéxico da UDC.

Como resumo máis adiante, a mellora do escenario económico e o cambio de tendencia dos nosos orzamentos permítennos ir recuperando pouco a pouco o terreo perdido nos peores anos da crise. Cumprindo con un dos nosos compromisos pendentes, en abril púxose en marcha a nova estrutura departamental, “adelgazada” e reducida aos 26 **novos departamentos** (antes había 43), en aplicación dun Plan de racionalización de infraestruturas da UDC. Obxectivo: eficiencia e axilidade. O ano pechouse xa cos novos directores e directoras en exercicio, o mesmo que os decanos/as e directores/as de facultades e escolas onde se renovaron os equipos de goberno.

A nosa universidade ten xa unha oferta consolidada de 37 graos e 51 mestrados, moitos deles de carácter interuniversitario. Xunta e universidades galegas pactamos en 2017 un novo mapa de titulacións, vixente en principio ata 2021. Ata entón os nosos campus da Coruña incorporarán cinco novos graos, os primeiros dos cales serán o grao en **Paisaxe**, primeiro de carácter interuniversitario galego, e o grao en **Xestión Industrial da Moda**, pioneiro no sistema universitario español. Ambos reforzarán a oferta do vindeiro curso.

Unha colaboración institucional responsable e eficiente está detrás tamén da execución das obras da **residencia universitaria Elvira Bao**, en marcha desde xaneiro. Por fin a Universidade da Coruña contará cunha

residencia pública (120 prazas) para o seu alumnado. Unha vella reivindicación da nosa comunidade universitaria que axiña veremos feita realidade grazas ao apoio da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña. Tamén ambas institucións colaboran connosco para cubrir a escaseza de fondos destinados a infraestruturas e enfrontar obras só de mantemento, como as da pista de atletismo do complexo deportivo de Elviña, a piques de rematar.

Traballamos co criterio de estender canto máis sexa posible as relacións docentes, científicas e técnicas coa nosa área socioeconómica. De feito, en 2017 asinamos 738 convenios. Máis de medio millar foron para procurarles prácticas aos nosos alumnos e alumnas, outros 140 foron de carácter específico e en 44 casos tratábase de convenios marco.

A **Unidade Mixta de Investigación** que a UDC ten con Navantia en Ferrol é unha boa mostra dos bos resultados que se poden tirar seguindo liñas de colaboración con institucións tanto públicas como privadas. Pola vía das **cátedras institucionais** (tres novas) mantemos aberta tamén a colaboración que nos achegan ás necesidades do noso contorno, facilitan as prácticas e a inserción laboral dos nosos egresados e asentan fórmulas de cooperación no terreo da I+D+I.

Esa mesma liña de colaboración con empresas e institucións, que mantemos activa con contactos e visitas seguidas, permítenos contar con bolsas tan importantes para a formación do noso alumnado como as do programa Intalent (patrocinado por Inditex), as financiadas polo Banco Santander ou as da ONCE para axudar o estudantado con discapacidade.

Colaboración institucional e sinerxías son, igualmente, conceptos fundacionais para o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas, o cuarto dos nosos centros tecnolóxicos. O CICA, que acolle grupos de investigación en ciencias químicas, biolóxicas e ambientais, forma unha sólida **agrupación estratéxica co INIBIC**.

Nesta **Memoria de 2017** constatamos, entre outras moitas cousas, os novos pasos dados no proceso de internacionalización da Universidade da Coruña, así como na procura dunha docencia de excelencia, cada día máis esixente, apoiada na innovación, nos sistemas de garantía interna de calidade e na actualización permanente.

As visitas seguidas aos centros e as reunións con PDI e PAS de todos os centros da Coruña e de Ferrol pretenden manter abertas canles de comunicación para facilitar a colaboración de toda a comunidade universitaria na toma de decisións e dar cumprimento ao noso compromiso de participación e transparencia.

Nesa dirección van tamén dúas iniciativas importantes. Por unha parte, a posta en marcha do portal de participación da UDC, **UDCDecide**, unha nova ferramenta, en probas desde outubro. Consideramos esta plataforma de participación como un primer paso, que garante un espazo de comunicación directo entre os estudantes e o equipo reitoral e equipos decanais.

A segunda das iniciativas foi aposta en marcha, desde o comezo do curso 2017-2018 da nova aplicación **UDC-móbil** para dispositivos Apple e Android, creada polo Servizo de Informática e Comunicacions.

Outras decisións de grande importancia para o futuro da UDC, substanciáranse en 2018 e 2019. Este é o caso da reconfiguración do campus da Coruña arredor dos **Campus Innova**, centrado na innovación dixital, tecnolóxica e humanística, e do **Campus da Sustentabilidade**, orientado ao territorio, a paisaxe,

o medio ambiente, a sustentabilidade social e económica, a vida saudable e o deporte. Esta reordenación presentouse en público no Paraninfo da Reitoría en marzo de 2017.

Investigación e transferencia

Tanto a investigación como a transferencia son apostas estratéxicas desta universidade, que se coordinan dende a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. A política científica céntrase en promover a excelencia científica e a especialización investigadora como eixes básicos que, canda a transferencia, posibiliten a mellora e o posicionamento da UDC en campos de alto valor estratéxico.

Captación competitiva de recursos

A captación de recursos externos para a investigación durante 2017 ascendeu a preto dos **8 millóns de euros**, baixando do conseguido no ano anterior, pero duplicando o conseguido no ano 2015. O motivo desta tendencia escalonada na consecución de fondos está determinado pola resolución de proxectos estatais que se veñen convocando de forma bianual. É de esperar que a suba se note na resolución de proxectos competitivos do 2018, que se solicitaron durante 2017, xa que nalgún caso, como o das convocatorias europeas ás que acoden investigadores e grupos da UDC, se triplicaron as solicitudes.

No tocante a outras axudas de investigación, hai que salientar que a Secretaría Xeral de Universidades convocou e resolveu axudas para grupos de referencia competitiva, grupos de potencial crecemento e redes. Concedéronse 8 grupos de potencial crecemento, 7 novos grupos de referencia competitiva e 3 redes e unha de excelencia, o que supón unha captación específica de 3,6 millóns de euros, superior a obtida na última convocatoria do ano 2016, que fora de 2,59 millóns. Hai que engadir que o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e

das Comunicacións (CITIC) como **centro singular de investigación de Galicia**, captou 430.000€ para este ano, e a renovación da agrupación estratéxica CICA-INIBIC.

Adicionalmente, durante o ano conseguiu-se un total de 2,6 millóns de euros para **infraestruturas de investigación**, como consecuencia da participación na última convocatoria competitiva do MINECO. Esta achega de infraestruturas, repartida entre centros de investigación e institutos, foi cofinanciada co 80% de fondos FEDER e co 20% restante mediante unha contribución da Secretaría Xeral de Universidades.

No ámbito de axudas competitivas da Consellería de Industria, debemos mencionar o traballo desenvolvido pola **Unidade Mixta de Investigación (UMI “Estaleiro 4.0 o asteleiro do futuro”)** que a UDC ten coa empresa pública Navantia, xa que durante este 2017 conseguiu con éxito un total de 17 accións de investigación conxunta con esta firma nacional, o que supón a contratación de 23 novos investigadores, adscritos á UMI, e pertencentes a outros tantos grupos de investigación do noso catálogo.

Esta unidade mixta de investigación está a desenvolver o seu labor nas dependencias do CIT do campus de Ferrol. Ademais, cabe resaltar que esta relación coa empresa Navantia, que se pretende renovar en 2018, está a dar outras interesantes colaboracións, como son a formación cotutelada de doutores coa universidade australiana RMIT de Melbourne, financiando diversos proxectos de investigación pola filial de Navantia-Australia.

Contratos e convenios

No eido da **transferencia** de investigación e da tecnoloxía da investigación ao tecido industrial, salientamos que o número de contratos con empresas e administracións públicas asinados por investigadores da UDC foi de 217, cifra máis baixa que o pasado

ano, aínda que con maior custo medio por contrato. A maior parte destes contratos (139) xestionáronse a través de Fundación da Universidade da Coruña (FUAC). A cantidade total destes contratos con empresas e administracións públicas superou os 3.1 millóns de euros.

Bolsas e contratos de investigación

No que respecta ás bolsas e contratos de investigación captadas polos investigadores, os datos son similares aos dos anos pasados, malia a diminución das axudas FPI, que pasaron das cinco do 2016 a só dúas, en todo caso acordes coa falta de convocatorias novas de proxectos do MINECO resoltos este ano.

Como iniciativa propia da UDC, posta en marcha durante o ano anterior, tivo lugar a **segunda convocatoria INTALENT**, convenio asinado entre a nosa Universidade e a empresa Inditex para a captación de investigadores. Este programa ten por finalidade contratar investigadores de prestixio internacional que poidan conseguir financiamento competitivo internacional para a UDC. Nesta segunda convocatoria entraron dous novos investigadores. Cabe mencionar que a investigadora seleccionada na primeira convocatoria, Elena Pazos, conseguiu unha das axudas competitivas do proxecto Retos.

Producción científica

A produción científica, medida a partir dos documentos científicos publicados e recollidos en ISI Web of Science, segue nunha boa tendencia, con **916 artigos** publicados en 2017, moi similar ao ano anterior, cando se batera o récord (924). Este cambio de tendencia no crecemento está compensado cun aumento na calidade das publicacións, máis presentes no primeiro cuartil (Q1) e pode vir motivado pola nova esixencia para a avaliación de sexenios de investigación, que en varias áreas fai referencia a publicacións de maior calidade.

Patentes

Incrementouse o número de patentes solicitadas e concedidas. Concedéronse un total de **18 patentes** (o ano 2016 concedéranse 8 patentes). En licenzas de sóftware obsérvase unha suba considerable do número de rexistros, que pasou dos 4 de 2016 a 15, de modo que se recuperou a tendencia doutros anos.

Centros tecnolóxicos

O labor desenvolto polos centros de investigación (CITIC, CICA, CITEEC e CIT) encamiñase a alcanzar o recoñecemento que a Xunta concede, mediante convocatoria competitiva, para agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación.

Así, no que respecta ao **CITIC**, cómpre salientar a axuda como centro singular, que supón uns ingresos en 2017 de 430.000€. Os recursos por convocatorias competitivas de I+D+i increméntanse lixeiramente neste centro, pasando dos 4,1 millóns captados en contratos e convenios. Este incremento no financiamento captado tamén se reflicte no aumento de publicacións, que pasa de 420 a 510 este ano. Salienta o aumento das publicacións de maior calidade, as indexadas no índice JCR, que aumentaron de 90 no pasado ano as 128.

No tocante ao **Centro de Investigacións Científicas Avanzadas** (CICA), o traballo centrouse en renovar a agrupación estratéxica e poñer en marcha os laboratorios. Esta agrupación estratéxica, baixo o acrónimo CICA-INIBIC, ten como misión crear un contorno multidisciplinar e sinérxico para dar resposta a retos biomédicos, tecnolóxicos e ambientais a través da investigación, da formación e da transferencia de solucións integrais que xeren valor científico e económico e progreso social.

O **CITEEC** conseguiu máis dun millón de euros en axudas estatais para infraestruturas e equipamento.

O número de proxectos de investigación con soporte no CITEEC, pasou de catro conseguidos en 2016 a cinco, pero aínda así están lonxe dos nove do ano 2015. Compénsase co aumento dos convenios con empresas con soporte no CITEEC (28 convenios).

O número de proxectos de investigación do CIT baixou este ano dos 25 aos 11. Este descenso vén motivado porque varios dos grupos do CIT están a colaborar moi activamente coa Unidade Mixta de Investigación con Navantia, que conta como un único proxecto, aínda que cun orzamento total superior aos 3 millóns de euros.

Cátedras institucionais

Asináronse tres novas cátedras institucionais, que veñen incrementar a necesaria colaboración coas empresas. A **Cátedra Cosme Álvarez del Río** (financiada por Navantia) ten por obxecto regular a colaboración estable entre a Universidade da Coruña e esta empresa, co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura.

A cátedra **Emalcsa**, asinada coa Empresa Municipal de Augas de Coruña, supón para a UDC unha boa oportunidade de mostrar as súas capacidades e fortalezas no ámbito da xestión sustentable do recurso da auga nos tres ámbitos en que se apoia: ambiental, social e económico. Desde a visión da sustentabilidade, os eixos clave de colaboración son o avance na definición de estratexias e metodoloxías para aplicar os principios da xestión integrada do recurso da auga no sistema de auga urbana.

A **Cátedra Everis** de Transformación Dixital, adscrita á Facultade de Informática, ten como obxectivo colaborar na docencia, investigación e transferencia tecnolóxica e na empregabilidade dos estudantes para afondar na transformación dixital das organizacións públicas e privadas. Prevese organizar cursos e obradoi-

ros de temáticas técnicas (*Big data*, ciberseguridade, mobilidade, entre outros) e de orientación profesional.

Docencia e innovación

No curso 2017-2018 mantívose a oferta académica de graos. En total ofertáronse **37 graos**, nas diferentes ramas de coñecemento: 5 en Artes e Humanidades, 2 en Ciencias, 5 en Ciencias da Saúde, 12 en Ciencias Sociais e Xurídicas e 13 en Enxeñaría e Arquitectura. Varias destas titulacións son únicas no Sistema Universitario Galego. Tamén se mantivo a oferta de programas de simultaneidade, coa continuidade dos graos de Dereito e ADE; Turismo e Ciencias Empresariais; Bioloxía e Química; Ciencias Empresariais e Arquitectura Técnica; Español: Estudos Lingüísticos e Literarios; e Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, e Español: Estudos Lingüísticos e Literarios; Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, e Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; e os graos de Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Oceánica. Neste curso, igual que nos anteriores, todos os graos tiveron límite de prazas, por aplicación do Decreto 222/2010 da Xunta de Galicia.

Polo que se refire aos mestrados universitarios, a Universidade da Coruña dispón neste momento dunha oferta estable e equilibrada entre as distintas ramas de coñecemento. A oferta de nova matrícula para este curso foi de **51 mestrados**. Hai que salientar que tres teñen a consideración de internacionais, xa que ou son titulacións conxuntas cunha universidade estranxeira ou teñen convenio de dobre titulación. No curso 2017-2018 implantáronse, logo da súa verificación por parte da ACSUG, do informe favorable do Consello de Universidades e da autorización da Xunta, **dous novos mestrados**, resultado de distintas modificacións ás que foron sometidas titulacións que figuraron nalgún momento no catálogo da UDC: Mestrado en Edificación Sostible e Mestrado en Fotónica e Tecnoloxías do Láser.

Canto ao doutoramento, no curso 2017-2018 ofertáronse un total de **36 programas de doutoramento** pertencentes a diferentes áreas de coñecemento: 9 en Ciencias, 5 en Ciencias da Saúde, 7 en Ciencias Sociais e Xurídicas, 10 en Enxeñaría e Arquitectura e 5 en Artes e Humanidades. Defendéronse 163 **teses de doutoramento**, cun balance moi equilibrado por xéneros, como xa vén ocorrendo nos cinco últimos cursos. Esta cifra segue a estar por riba da media de teses anuais na UDC –situada ao redor de 120– debido ás condicións de extinción dos programas de doutoramento establecidas no Real decreto 99/2011. Un total de 44 teses recibiron a **Mención Internacional**, para cuxa consecución están a resultar fundamentais as axudas para estadias de estudantes de doutoramento financiadas polo **programa Inditex-UDC**. Na convocatoria do 2017 un total de 35 estudantes desfrutaron delas.

Evolución da matrícula

Canto á evolución da matrícula nas diferentes titulacións, podemos establecer algunhas diferenzas importantes entre graos, mestrados e doutoramentos. O número de **estudantes de graos** experimentou un leve descenso, ao pasar de 13.913 no 2016 a 13.772 no 2017. Pódese explicar pola complexa situación socioeconómica actual que, co endurecemento das condicións de acceso as bolsas e coa caída demográfica, provoca un descenso xeneralizado do número de universitarios. Non obstante, a evolución da matrícula nos **mestrados** e nos programas de **doutoramento** da UDC é moi positiva. Confírmase a tendencia de crecemento ininterrompido dos últimos anos: pasouse dos 1.393 estudantes de mestrado matriculados en 2014 aos 1.838 en 2017, e dos 560 estudantes de doutoramento en 2014 aos 1.101 en 2017.

Estamos, pois, nunha fase de consolidación da estrutura completa das titulacións. O desenvolvemento pleno desta nova estrutura fai necesaria a **avaliación**

continua do impacto das novas actividades. Como consecuencia, desta avaliación realizáronse distintas reformas das normativas académicas para acomodala ás necesidades organizativas e de recursos dos centros e aos distintos cambios normativos da lexislación estatal e autonómica. Estas novas adaptacións só foron posibles pola colaboración e polo traballo dos equipos directivos das diferentes facultades e escolas implicadas, da **Escola Internacional de Doutoramento**, así como da comunidade universitaria no seu conxunto.

A oferta de títulos propios seguiu incrementándose, debido ao interese amosado en diversas institucións e empresas ou por proposta de membros da comunidade universitaria, tratando de responder de forma inmediata e áxil ás necesidades culturais, científicas e profesionais da contorna social.

Universidade Sénior

Polo que se refire á Universidade Sénior, hai que salientar que se mantén en continua expansión, tanto na Coruña como en Ferrol. A matrícula no curso académico 2017-2018 foi de **954 estudantes**. Cómpre subliñar unha importante diferenza entre o número de alumnos e alumnas matriculadas, pois a porcentaxe de mulleres matriculadas triplica a dos homes. O seu plan de estudos incrementou a oferta formativa até chegar á situación actual, con 20 materias no campus da Coruña e 16 no de Ferrol, ademais de 10 obradoiros entre os dous campus.

Fíxose un esforzo na mellora da calidade e na ampliación da oferta académica, pero tamén da oferta social e cultural que se vén desenvolvendo á marxe do plan de estudos, a través dun amplo número de actividades complementarias: seminarios temáticos sobre literatura, historia e saúde, xornadas e conferencias, ademais de visitas académicas e outras actividades culturais. Así mesmo, seguiu a se incrementar tanto a presenza en distintos foros como

os intercambios con universidades españolas e estranxeiras. Entre 2017 e 2019, a Universidade Sénior participará no proxecto “TICTac+55: Combined Learning Techniques for People 55+ regarding ICT” dentro Programa Erasmus+. Froito dun convenio de colaboración con outras institucións europeas de educación de adultos, a Universidade Sénior participou no International Meeting do proxecto ECHO na localidade de Scandiano.

Calidade e avaliación

Na área de **calidade** cómpre sinalar que 17 títulos de grao e de mestrado universitario da UDC ou coordinados por ela renovaron a **acreditación**. Na Unidade Técnica de Calidade (UTC) traballouse na revisión, actualización e modificación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos centros e da Escola Internacional de Doutoramento, en colaboración cun grupo de traballo intercentros, constituído polos/las responsables de calidade dos centros que teñen certificada a implantación do SGIC. Tamén a UTC proporcionou apoio e asesoramento especial aos programas de doutoramento, con motivo da aprobación por parte da ACSUG da Guía para o seguimento e acreditación dous títulos oficiais de doutoramento.

Todos os programas coordinados na UDC que se implantaron nos cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016 tiveron que elaborar por vez primeira o autoinforme de seguimento, aínda que só recibiron informe por parte da ACSUG os programas participados unicamente pola UDC que se implantaron no curso 2013-2014. O 100% deste programas obtivo un resultado de conforme. Así mesmo, no 2017, publicouse a VI convocatoria do programa Docencia, na que se avaliaron 193 profesores. Cómpre facer unha valoración positiva dos resultados das valoracións finais alcanzadas, pois un 30.88% obtivo unha valoración de excelente; un 66.18%, de notable; un 2.21%, de aceptable, e un 0.74%, de insuficiente.

Formación e innovación docente

O Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE) fixo ao longo deste curso unha aposta decidida pola **innovación** nos ámbitos da docencia e da formación permanente. No que atinxe aos plans de formación, suprimíronse cursos que xa levaban anos impartíndose e foron substituídos por outros novos e de temáticas máis actuais, cunha aposta firme pola formación en liña. Tamén o CUFIE colaborou noutras actividades formativas: ciclos de xornadas para alumnado de doutoramento ou cursos en liña para investigadores en colaboración coas bibliotecas.

No ano 2017 ofreceuse unha terceira edición do curso “Estratexias para incrementar a visibilidade e os resultados da investigación”, no que o número de matriculados superou o cento, e publicouse unha nova convocatoria de Innovación docente en Aprendizaxe-Servizo na que se certificaron 16 proxectos.

Como resultado da aposta importante que se está a facer pola innovación docente, publicouse a I **Convocatoria de Grupos de Innovación Educativa (GIE)**, que deu como resultado a creación de 79 GIE, que agrupan 550 docentes. Tamén o CUFIE organizou o curso de verán **Docentes conectad@s**, que permitiu intercambiar coñecementos e experiencias entre docentes de distintos niveis educativos e destacadas personalidades do ámbito da innovación educativa. Igualmente, realizáronse as **II Xornadas de Innovación Docente** para compartir as experiencias máis innovadoras que se están a poñer en práctica na aulas da nosa universidade. Finalmente, canto ás infraestruturas, hai que sinalar que este ano se estreou unha **aula de formación** con 25 equipos novos no Edificio Xoana Capdevielle.

Internacionalización

A través da Oficina de Relacións Internacionais puxéronse en marcha medidas para potenciar a mobilidade

de con fins de estudos, como o achegamento de información de primeira man ao estudantado (mediante formatos tradicionais e canles dixitais) ou o aumento do número de meses financiados para mobilidades anuais. Aplicouse un aumento similar no apartado de prácticas para estudantes, chegando a financiarse intercambios de prácticas de ate 10 meses.

As actuacións para aumentar as mobilidades do persoal supuxeron o incremento das cantidades concedidas inicialmente polo SEPIE, o que se está a traducir nun aumento destas mobilidades.

Estas actuacións apoiáronse con medidas como a primeira convocatoria para **a mellora das competencias lingüísticas** do estudantado, así como a primeira convocatoria de **mentorización lingüística** que cumpría un dobre propósito: a integración do estudantado estranxeiro e a internacionalización na casa do propio.

Para fomentar a internacionalización dos nosos campus estase a apoiar as titulacións duplas ou conxuntas, a participación en proxectos KA2, KA3 ou “capacity building” con socios de fóra da UE, o recrutamento de estudantes internacionais a través de actividades de proxección exterior (asistencia a ferias, organización da ISS, traballo con axentes) e a mellora da información sobre admisión.

Igualmente traballouse na mellora do Plan de apoio para a docencia en inglés, introducindo por vez primeira a convocatoria para a mellora das competencias lingüísticas do PDI como medida de fortalecemento idiomático previo á realización do curso EMI. Neste sentido, instaurouse o **programa de profesores visitantes** procedentes de países de fala inglesa para o profesorado que estivese a impartir docencia en lingua inglesa. O impacto destas medidas reflíctese nun incremento nos créditos impartidos en inglés no que se conta coa incorporación de materias en novas titulacións.

Persoal docente e investigador (PDI)

As políticas de acceso e promoción do persoal docente e investigador entraron en 2017 nunha fase de relativa normalización, malia seguiren condicionadas por un marco normativo e económico restritivo. Aínda que a taxa de reposición se mantiña no 100%, a Lei de acompañamento dos orzamentos xerais do Estado do ano 2017 permitiu engadir as prazas en excedencia sen reserva de posto de traballo que se producen cando cada promoción é efectiva, polo que a oferta de emprego público do persoal docente e investigador da UDC se ampliou a **43 prazas**. Este incremento permitiu recuperar o atraso acumulado coas necesidades de estabilización das figuras de profesorado con compromiso de estabilidade e, ademais, abordar as necesidades de promoción dun cadro de persoal que supera os 200 profesores acreditados.

Logo da negociación e do acordo cos órganos de representación do PDI, o Consello de Goberno do 23 de abril, ampliado o 28 novembro, destinou **22 prazas** de profesor/a contratado/a doutor/a á estabilización dos/as profesores/as axudantes doutores/as que finalizaron o seu contrato en 2016 e 2017, **unha praza** adicional da mesma categoría para estabilizar un profesor segundo o previsto na disposición transitoria terceira dos Estatutos da UDC, e **10 prazas** para o acceso ao corpo de titular de universidade dos/as profesores/as contratados/as doutores/as acreditados/as.

Segundo o que se establece no artigo 34 da Lei 1/2017 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 19 da Lei 3/2017, de orzamentos xerais do Estado, unha destas 10 prazas resérvase para a incorporación —naquela categoría para a que estea acreditado—, de persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3. Adicionalmente, en aplicación do disposto no Real decreto-lei 6/2017 e na disposición derradeira segunda do Real decreto-lei 10/2015,

inclúense na OPE 10 prazas de catedrático/a de universidade polo procedemento de promoción interna.

A oferta de emprego público foi, polo tanto, suficiente para estabilizar o profesorado con compromiso de estabilidade que finalizou o seu contrato en 2016 e 2017 e para a promoción de todo o profesorado con prazas de catedrático/a de universidade aprobadas polo Consello de Goberno en 2012. A OPE permitiu, ademais, a convocatoria de **9 prazas** co fin de que o profesorado contratado doutor acreditado para acceder ao corpo de titulares de universidade solicite a creación dunha praza na súa área de coñecemento e, por primeira vez desde o ano 2012, a convocatoria de **7 prazas** de catedrático/a de universidade para o profesorado acreditado. A estas convocatorias, reguladas polos criterios negociados e acordados cos órganos de representación do PDI, presentáronse arredor dun cento de docentes.

Xunto co marco lexislativo estatal e autonómico, que condiciona o desenvolvemento de políticas de estabilización, promoción e contratación de profesorado, os aspectos económicos relativos ao mantemento da masa salarial engaden unha dificultade adicional á política de profesorado.

O incremento anual de trienios e quinquenios, derivado do crecemento vexetativo do cadro de persoal, e dos sexenios de investigación e complementos autonómicos, supón que o orzamento do capítulo I se sitúe no límite dos custos de persoal que fixan as leis de orzamentos para a UDC. Os recursos para financiar os importes correspondentes a estes conceptos, así como as contías das prazas para manter as figuras recollidas no II Convenio colectivo laboral con compromiso de estabilización e das prazas para facer fronte a necesidades urxentes e inaprazables, son moi limitados e proceden basicamente de xubilacións.

Estas limitacións condicionan a contratación de novo persoal, co conseguinte escenario de falta de renova-

ción e de inestabilidade para os proxectos educativos, de investigación ou de transferencia á sociedade dos seus resultados, que tanto preocupan a toda a comunidade universitaria. Os esforzos dos órganos de goberno da UDC centráronse en minimizar os efectos deste contexto restritivo, mantendo estable o número de efectivos, dándolle prioridade a estabilización de profesores e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa universidade e maximizando as posibilidades de promoción despois do bloqueo imposto entre os anos 2012 e 2016.

Ademais dos acordos acadados para a aprobación e execución da oferta pública de emprego, destacan as seguintes medidas:

- Mantense o programa para reducir o número de profesores/as contratados/as interinos/as de substitución, que non fosen previamente axudantes doutores/as, e asociados/as que contén cunha acreditación, coa súa transformación mediante concursos en profesores/as axudantes doutores/as. En 2017 convocáronse 20 prazas neste programa.
- Mantense a suspensión da posibilidade de convocar **prazas de axudante**.
- Aprobouse un novo marco normativo para o nomeamento de profesores eméritos e honorarios. En 2017 nomeáronse cinco novos eméritos e unha profesora emérita, e 4 profesores e unha profesora honorarios.
- Convocáronse **37 concursos** de profesor/a asociado/a ou contratado/a interino/a de substitución para cubrir necesidades docentes urxentes, sobre a base da Lei de orzamentos de Galicia.

Persoal de administración e servizos (PAS)

No exercicio de 2017 realizáronse as seguintes actuacións:

- Convocatoria mediante Resolución do 3 de abril de 2017 (DOG núm. 73, do 17 de abril) do proce-

so de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

- Finalización do proceso de **promoción interna** correspondente á oferta de emprego público do ano 2016, convocado por Resolución do 31 de agosto de 2016 (DOG núm. 182, 23-09-2016) para o ingreso nas distintas escalas de persoal funcionario da Universidade da Coruña. Publicáronse un total de 151 nomeamentos.
- Publicación no DOG número 198, do 18 de outubro de 2017, da Resolución do 5 de outubro de 2017 coa **oferta de emprego público** do persoal de administración e servizos para 2017. Nesta oferta figuraban un total de 21 prazas para convocar pola quenda de acceso libre e 50 prazas para convocar pola quenda de promoción interna.

Estudantes

Este ano realizáronse distintas accións para a mellora da empregabilidade e do emprendemento, así como para impulsar a realización de prácticas profesionais e actividades de formación transversal. A este respecto, cómpre salientar a reforma do **programa de Mellora da Empregabilidade** na súa segunda edición que estendeu esta actividade a tres módulos. Nun deles participan responsables dos departamentos de recursos humanos de empresas que expoñen a súa experiencia e consellos para enfrontarse a un proceso de selección e tamén persoas emprendedoras que achegan a súa experiencia directa ou entidades que impulsan esta modalidade de inserción laboral. Participaron 299 estudantes.

A partir deste ano púxose en marcha un **programa de orientación de estudantes de doutoramento**, solicitado polos representantes dese colectivo, para responder as súas necesidades específicas de formación/información sobre empregabilidade.

Participouse no Plan municipal de emprego do Concello da Coruña e organizouse o Foro Xuventude en Movemento, no marco do plan Europe Direct da Deputación da Coruña.

Pola súa parte, a **Unidade de Emprego**, que ofrece asesoramento xeral e tamén especializado para crear iniciativas de emprego de base tecnolóxica, comezou a xestionar as bolsas Fundación ONCE-CRUE de prácticas para alumnado con discapacidade.

Respecto da divulgación da UDC para futuros estudantes, o SAPE organiza no programa “Visita o teu campus”, para alumnado de ESO, de bacharelato e de FP e charlas informativas en centros. Fíxose un esforzo para pasar de 41 a 72 centros visitados. Igualmente, cómpre mencionar a colaboración co Concello da Coruña na xornada anual “Ti elixes!”, que se organiza no Centro Universitario de Riazón, con máis de 5.000 estudantes .

Bolsas

Mantense o número de bolsas de colaboración para formación complementaria, bolsas UDC-Santander para estudos de mestrado e axudas para o transporte urbano. Ademais, para compensar as dificultades económicas que lles impidan continuar os estudos a algúns estudantes, a Universidade da Coruña concedeu **39 bolsas** e duplicou o orzamento para estas axudas. Tamén co obxectivo de promover a igualdade de oportunidades, concedéronse no curso 2016-2017, un total de 222 axudas para aloxamento.

Publicacións

O Servizo de Publicacións continuou a xestionar a edición, difusión e comercialización de libros e revistas e enriqueceu o seu catálogo editorial con **16 novos volumes**. Así mesmo, presentou tres novos números de publicacións periódicas, co que chegou a 16. Cómpre salientar que se actualizou a aplicación OJS á versión

2.8, e que están en OJS 13 das 16 revistas, e 12 delas reciben DOI.

Deportes

A IX edición dos Premios UDC Deportes recaeu en Alberto Seoane Alcaraz, en recoñecemento á súa longa traxectoria deportiva. Foi campión do mundo por equipos (2014 e 2017), ouro no Open de Eslovaquia (2015) e dobre diploma nos Xogos Olímpicos de Río de Janeiro (2016). É décimo na clasificación mundial de tenis de mesa para discapacitados.

Nas ligas universitarias internas participaron **104 equipos** en modalidades como o fútbol 7, baloncesto e fútbol sala. Os deportistas da UDC con medalla nos Campionatos de España Universitario foron Sara García Suárez, medalla de prata en taekwondo na categoría de 57 Kg; Sofía Pérez Riesco, medalla de prata en taekwondo na categoría de 73 Kg; Paula Iglesia Gannello, medalla de prata en atletismo en 400 ml. Miguel Riopedre conseguiu unha medalla de bronce no campionato de Europa de Judo na categoría de 60 Kg.

Divulgación

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural, en colaboración coa Deputación da Coruña, convocou a II edición de **Expociencia-UDC** para promover a comunicación científica. O 30 de novembro celebrouse a II Xornada de Divulgación Científica “Isabel Zendal”. Na Domus e en varios centros de ensino medio organizáronse obradoiros científicos. Ademais, celebrouse **O Día de Muller e a Nena na Ciencia** cun ciclo de charlas curtas impartidas por profesores e alumnas da UDC, que falaban da vida e logros científicos de diversas pioneiras en diferentes campos da ciencia.

Cultura

A Área de Cultura ofreceu en Ferrol e na Coruña distintos obradoiros. Así mesmo, celebrouse a vixésimo

cuarta edición do **Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC)**, que organizou a institución.

En novembro inaugurouse en Normal a **exposición** “As Noites interiores” de Jesús Madriñán, que reuniu por primeira vez, e nun mesmo espazo, as series fotográficas máis recentes deste artista galego.

Cursos e congresos

A Oficina de Cursos, subvencionou ao longo do ano un total de **43** de actividades, entre cursos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias.

No Consello de Goberno do 31 de maio aprobouse o **Regulamento dos cursos de extensión universitaria**, onde se regulan as actividades non regradas organizadas pola UDC e conducentes á obtención dun diploma ou certificado propio, sexa cal for a súa denominación, distinta dos mestrados, cursos de especialización e cursos de formación específica de posgrao regulados no Regulamento de estudos propios de posgrao.

Comunicación

Xunto coa súa actividade habitual (resumo, notas, rodas de prensa...) e o apoio a diversas iniciativas de captación de alumnado promovidas pola UDC –cunha especial intensificación co Campus Industrial de Ferrol– cómpre salientar a seguinte información:

- Desde novembro de 2016 a UDC ostenta, a través da súa xefa de Gabinete de Comunicación, a presidencia da Red de Gabinetes de Comunicación de las Universidades Españolas (Regacue). Con este motivo, a UDC organizou en febreiro a Xornada “Comunicación e Responsabilidade Social” xunto coa asemblea anual da rede.
- Seguindo coa iniciativa do ano anterior **#comunicaUDC**, organizouse en abril o segundo encontro de *community manager* de contas institucionais na UDC. Asistiron 27 persoas responsables de redes sociais en distintos centros.

- Redacción de **321 notas de prensa**, que se subiron á páxina web corporativa e aos lugares institucionais no Facebook e Twitter.
- No **Facebook**, a páxina da UDC chegou aos 18.029 “gústame”, cun aumento de 1.172 sobre o ano anterior. No **Twitter**, a conta da UDC ten 30.779 seguidores, 2.570 novos seguidores con respecto ao ano anterior. Publicáronse neste período 2.200 chíos. No **Instagram**, a UDC conta con 986 seguidores, 291 novos.
- Colaboración do Foro de Radio Coruña-Cadena Ser “Do global ao local”
- Campaña de publicidade directa da UDC coa distribución de **tarxetas promocionais** (4.500) das súas titulacións entre estudantes que realizan as probas de acceso á universidade nos campus da Coruña e Ferrol.
- Campaña de publicidade con bñners nos medios dixitais de *La Voz de Galicia*, El Ideal Gallego, La Opinión A Coruña, Diario de Ferrol e *Ferrol 360*. Alternancia de bñners UDC/Campus Industrial de Ferrol. Entre o 7 de maio e o 7 de xullo puxéronse un total de 296 insercións publicitarias.

Actividades complementarias

A UDC organiza campamentos de Semana Santa e de verán para fillos de membros da comunidade universitaria, mais abertos tamén a persoas alleas.

No campamento **Mauro Silva**, que se organizou por décimosetimo ano consecutivo nas vacacións de Semana Santa, participaron 112 nenos e nenas de entre catro e doce anos. Tomaron parte en actividades deportivas, hábitos de estudo e inglés. No verán convocáronse **campamentos** para nenos e nenas de primaria nos campus da Coruña e de Ferrol, cun total de 360 rapaces e rapazas.

Orzamento e liquidación

O 22 de decembro de 2016 o Consello Social aprobou os orzamentos da Universidade da Coruña para

o ano 2017. O Plan operativo anual e o orzamento do exercicio desenvolven as Liñas xerais do orzamento de 2017, aprobadas polo Claustro o 14 de decembro de 2016. O orzamento foi de **119,45 millóns de euros**. Esta cantidade supón un aumento de 3,13 millóns de euros, o que equivale a un incremento dun 2,69% respecto do 2016.

Os ingresos en 2017 pola matrícula xa deixaron de verse afectados pola adaptación das titulacións ao EEES, aínda que cómpre ter en conta a previsión demográfica á baixa na estimación deste concepto.

As diferenzas entre os anos 2016 e 2017 que se observan entre os diferentes conceptos de gasto son escasas. O compoñente de financiamento máis importante correspondeu ás achegas por transferencias correntes, o que supón un 72,56% no ano 2017 –fronte a un 73,29% no ano 2016–. As taxas académicas supuxeron un ingreso tamén importante, en concreto un 13,69%. Finalmente, as transferencias de capital alcanzaron un 13,08%, que aumentan lixeiramente con respecto ao ano anterior, ao pasar de 14,89M € a 15,62M €.

Cabe destacar que se consignou crédito para acometer a recuperación do complemento específico ou homólogo imputable á paga extra. En consecuencia, o gasto corrente previsto de capítulo I aumentou un 2,16%. O total ascendeu a 90,29 millóns de euros, o que supón case un 75,59% do gasto total.

Preveuse unha **redución dos gastos correntes** (-5,09%) motivado pola aplicación de medidas de racionalización do gasto e polo comezo de aplicación de programas de eficiencia enerxética. O total ascende a 14,49 millóns de euros, o que supón un peso do 12,13%.

No apartado de investimentos reais rexistrouse un incremento (20,78%) derivado da necesidade do financiamento de medidas ou investimentos conducentes ao aforro enerxético ou equipamento de obras e infraestruturas.

As transferencias correntes ascenderon a 2,76 millóns, o que representou un 2,31%, cun incremento do 12,35%. O fondo de continxencia (0,25 millóns) permaneceu inalterable. Os gastos financeiros (0,045 millóns) tamén se reduciron, ao igual que os pasivos financeiros (0,55 millóns).

Os ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos incrementan un 6,57% ate chegar aos 16,35 millóns de euros. O incremento veu derivado principalmente do incremento en ingresos diversos e doutros ingresos procedentes de prestación de servizos (alugueres, custos indirectos e facturación por prestación de servizos de investigación).

Canto ás transferencias correntes, incrementáronse fundamentalmente pola recuperación do complemento específico ou equivalente aplicado á paga extra.

Por último, cómpre mencionar o incremento en transferencias de capital (4,91%) destinado en parte á cobertura do financiamento de accións para o aforro enerxético e mellora das infraestruturas científicas.

En resumo, hai unha mellora no financiamento por resultados tanto en termos absolutos como en termos relativos.

Canto á **liquidación do exercicio de 2016**, as estimacións de ingresos foron bastante precisas, xa que os ingresos reais por taxas, prezos públicos ou outros ingresos (15,18M€) case alcanzan a cifra estimada ao comezo do ano (15,34M€).

De igual xeito, houbo un incremento das transferencias correntes notable (87,36M€ fronte a 85,26M€) mentres que os ingresos patrimoniais tamén se mantiveron moi preto da expectativa. No caso dos gastos tamén existiu unha boa estimación, dado que os gastos do capítulo 1 ou gastos de persoal e gastos correntes se aproximan moito ás estimacións feitas ao principio de exercicio.

A pesar de que o resultado orzamentario de 2016 ofrece un déficit de 1,64M€, hai unha mellora notable con respecto a 2015, posto que nese ano o déficit ascendeu a 4,78M€. Isto supón pasar dun déficit, medido como saldo orzamentario sobre o orzamento, do 4,1% en 2015 a un déficit do 1,4% en 2016. Deste xeito, de acordo coa liquidación efectuada no ano 2016, o **remanente non afectado de tesouraría** que ascendía a 2,45 millóns de euros en 2015 pasou a ser de 3,09 millóns.

De igual xeito, a contía de remanente que se destina a financiar o orzamento do exercicio do ano seguinte ao do peche nos exercicios 2016 e 2017 é máis reducida que en exercicios precedentes.

Para pechar o capítulo de planificación económica, debemos ter en conta que se deu unha mellora no saldo medio para pagar a provedores, xa que no ano 2014 era do 5,56% con respecto ao orzamento, en 2015 baixou lixeiramente ata o 4,6%, mentres que no ano 2016 se sitúa no 2,1%.

Infraestruturas

O orzamento destinado ás infraestruturas continúa no contexto de contención e axuste dos exercicios pasados. A execución do fondo RAM (1.124.700€) que é a partida que a Xunta concede para edificios e instalacións, foi do 100%. Este fondo non é suficiente para atender todas as necesidades de reparacións, reforma, rehabilitación ou conservación. Por esta razón, ao aumentar a contención do gasto asociado a infraestruturas arquitectónicas e urbanas, faise necesario a procura de novas fontes de financiamento.

Neste contexto, as intervencións do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos centráronse, como vén sendo común nos últimos anos, en tarefas de mantemento e reparación de edificios e do espazo público. As actuacións máis importantes centráronse en obras que supuxeron un investimento notable para

realizar proxectos de reforma ou rehabilitación como a praza da Maestranza, a residencia universitaria ou o **estadio de deportes**.

As obras na **praza da Maestranza**, executadas para renovar máis da metade da lousa, prolongáronse durante dous meses. Mentres, en setembro comezou a reforma da entrada do estadio e novas pistas deportivas. Os problemas meteorolóxicos provocaron unha demora e quedaron pendentes de remate para 2018.

Canto á **residencia universitaria da Coruña**, avanzouse até un nivel de execución do 70%. Espérase que finalice a obra no primeiro semestre do ano 2018. Unha vez que isto se produza, vaise preparar co Concello unha parada de autobús urbano, instalar wifi e equipar os cuartos e mais os servizos de comedor e lavandaría.

Por outra banda, continúaase coa política de manter a compra unificada de enerxía eléctrica en tres centros e a posibilidade de adherirse á **rede Redexga** para conseguir mellores tarifas de consumo de electricidade e de gas. Tamén se conseguiron certificacións enerxéticas en 11 edificios do campus de Ferrol. O obxectivo é implantar un sistema de eficiencia enerxética, o cal implica a instalación dun contador por edificio.

Medio ambiente

Cinco centros dos campus da Coruña e de Ferrol contan xa con **bandeira verde** e está en marcha o programa noutros catro centros máis. Igualmente, o programa de compostaxe de residuos orgánicos desenvólvese en cinco escolas e facultades da Coruña e creouse unha nova área para atender a Facultade de Informática e a ETS de Camiños.

Vanse dando pasos significativos en materia de sustentabilidade ambiental. E estes pasos reflíctense no posicionamento da nosa Universidade no **ránking**

GreenMetric das universidades do mundo. A UDC está no posto 86 entre o 619 campus concorrentes na edición de 2017.

Responsabilidade social: atención á diversidade

- Rede SAPDU: A UDC forma parte desta rede de servizos de atención á diversidade desde o ano 2014 de todas as universidades españolas. En 2017 pasamos a coordinar o grupo de traballo de Comunicación e TIC, no que participan outras 5 universidades.

- Espazo Compartido: Presentámonos á convocatoria da Fundación ONCE para programas universitarios de emprego dirixidos a mozos/as con discapacidade intelectual. Nesta convocatoria saíron elixidas 15 universidades. O programa da UDC obtivo a primeira posición.

- Bolsas para estudantes con necesidades especiais: anualmente a Universidade da Coruña convoca 20 axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para alumnado con necesidades educativas especiais. No curso 2016-2017 convocáronse por primeira vez as bolsas ONCE-CRUE para prácticas extracurriculares de alumnado con discapacidade. Na UDC beneficiáronse desta bolsa 6 estudantes.

- Programa Mentoring Inclusivo: Ao abeiro do convenio asinado coa Fundación Bancaria “La Caixa”, comezou a desenvolverse na UDC o programa Mentoring Inclusivo, deseñado especificamente para mellorar a inserción laboral dos egresados con discapacidade.

- Rede UDC-U (UDC Universal): dentro do Plan de acción tutorial, cada centro establece un tutor/a específico para o alumnado con diversidade funcional ou necesidades educativas específicas.

- Programa de prácticas relacionadas coa diversidade: unha das iniciativas máis importantes da unidade é establecer un programa de prácticas que conecte alumnado de distintas titulacións en temas relacionados coa diversidade.

Oficina para a Igualdade de Xénero

- Entre outras iniciativas, a Oficina para a Igualdade de Xénero organizou os cursos Docencia e responsabilidade social universitaria e Políticas e Políticas de igualdade e violencia de xénero, dentro do Plan de apoio ao ensino.
- Actos conmemorativos: O 11 de febreiro: Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia. Unha científica vista o noso cole. Nos colexios público de Ferrol durante o mes de febreiro. Colaboración co Concello de Ferrol e a asociación AMIT_GAL.
- 8 de marzo. Acto institucional na ETS de Arquitectura.
- 25 de novembro. Xornadas de **prevención e sensibilización** da violencia sexual na mocidade. Postos informativos.
- Exposicións: Edición da exposición “Mulleres nas bibliotecas da UDC”. Mulleres nos Premios Nobel e “María del Milagro Rey Hombre, arquitecta, 1930-2014”.
- Organización de xornadas: V Xornada Universitaria Galega en Xénero, en Vigo, en colaboración coas unidades de Igualdade da USC e Uvigo. Xornada de prevención e sensibilización da **violencia sexual na mocidade**.
- Concursos: V edición do Concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero **Ángeles Alvarío** e V Edición do Concurso de fotografía **Rosalind Franklin**.

Centro de Estudos de Xénero e Feministas

Este centro organizou a V edición do Curso de Historia da Teoría Feminista, articulado arredor da reconstrución retrospectiva e cronolóxica do feminismo como tradición intelectual e movemento social. Tamén o III Feminario do Centro de Estudos de Xénero e Feministas. Neste caso o programa xuntou a presenza de representantes de institucións promotoras da igualdade de xénero e os feminismos e o alumna-

do universitario que, no presente cursos ou en cursos pasados, presentou TFG e TFM que se caracterizaban pola presenza da **perspectiva de xénero**.

O Centro de Estudos de Xénero organiza o curso de verán “A igualdade de xénero na axenda para o desenvolvemento”. Pola súa parte, a revista **Atlánticas** publicou un monográfico sobre “Cooeducación: Feminismo en acción” dirixido polas profesoras da Universidade da Coruña Ana Iglesias Galdo e Ana Sánchez Bello.

UDC Saudable

Desenvolvéronse campañas informativas sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e de recollida de teléfonos móbiles en distintos centros dos campus da Coruña e Ferrol. En outubro organizouse a III Semana UDC Saudable 2017, con obradoiros e charlas sobre aspectos da ciencia e da saúde.

Rematou a fase piloto do proxecto de investigación “Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables na UDC: Diagnóstico da situación e detección de necesidades”, coa participación de 20 expertos/as avaliadores.

Secretaría Xeral

A Secretaría Xeral desenvolveu un amplo traballo de coordinación da **producción normativa** da UDC (tanto no que ten que ver cos regulamentos promovidos polas distintas vicerreitorías como cos regulamentos de réxime interno de centros e departamentos), de defensa xurídica dos intereses da UDC e tamén de consolidación dos cambios introducidos nos entes instrumentais, en especial a FUAC. A fundación da universidade xa está a xestionar encargos da Universidade para a xestión dos títulos propios, a xestión dos cursos do centro de linguas a alumnado estranxeiro, as prácticas ou a xestión dos contratos de transferencia.

Por outro lado, celebradas en febreiro **eleccións** a xuntas de centros, consellos de departamentos e Claustro (estas últimas só para estudiantado), o proceso de asentamento das novas estruturas académicas pechouse coa elección da nova dirección de centros e departamentos.

No ámbito da **normalización lingüística**, o servizo proseguíu co seu labor de promoción do uso do galego na UDC, organizando un curso para o PDI e financiando, a través do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o curso de verán en colaboración co Concello de Carballo e o curso de galego para estudantes estranxeiros.

No ámbito do **rexistro**, ao longo de 2017 implantáronse os sistemas de rexistro electrónico, en colaboración co Servizo de Informática e Comunicacions.

Cooperación e voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) constrúe cidadanía crítica mediante un amplo programa de accións formativas e de sensibilización. Traballa a prol dos dereitos humanos e a xustiza social con proxectos propios de voluntariado e a promoción da aprendizaxe-servizo entre a comunidade universitaria. Facilita o coñecemento doutras realidades a través de bolsas no eido da cooperación ao desenvolvemento. Lidera o traballo de elaboración dunha estratexia común da UDC para a execución da Axenda 2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

En canto á formación, cómpre unha mención singular para as diferentes xornadas de sensibilización e formativas en materia de inmigración, persoas refuxiadas, persoas sen fogar ou educación para o desenvolvemento etc, que se desenvolven ao longo do ano e nas que participaron 476 persoas, ademais dos cursos propios de formación para o voluntariado de nova incorporación. ■